

DOCUMENTO FORMALIZADOR DO CONTRATO DE SERVIZO “ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui o día 20 de novembro de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte D. Carlos Vázquez Padín, Alcalde-Presidente do Concello de Tui, maior de idade, titular do DNI nº 35.565.888-E.

De outra parte D. José Ramón Blanco Fernández, maior de idade, titular do DNI nº 33.225.673-B, en nome e representación de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., con CIF nº A15093081, e con domicilio social en Vía La Cierva, 15 –Polígono del Tambre, 15890 – Santiago de Compostela, A Coruña.

Está presente a Secretaria da Corporación Dna. Pilar Fernández Alonso, con DNI nº 44.081.950-N, que da fe do acto.

INTERVEÑEN

D. Carlos Vázquez Padín, na súa condición de Alcalde do Concello de Tui.

D. José Ramón Blanco Fernández, en nome e representación de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., con CIF nº A15093081, cuxa representación acredita segundo certificado da secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia, Dna. Elena Barba Pan de data 25/10/2017, (escritura de apoderamento nº protocolo 1234 de 25/05/2016).

Os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente documento formalizador do contrato administrativo, manifestando o licitador estar en plena capacidade de contratar, non estando incurso nas causas de incompatibilidade e incapacidade que determinan as disposicións legais vixentes nesta materia.

A tal efecto, os comparecentes EXPOÑEN:

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

1.-Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de marzo de 2017, aprobouse o expediente de contratación para a execución do servizo “Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui”, cun orzamento de execución por contrata de 36.058,00€, a adxudicar polo procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e na modalidade urxente.

2.-O investimento atópase incluído dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2016, PPOS/16 con expediente de referencia nº 2016033199.

3.-O anuncio de licitación publicouse no B.O.P. nº 75 de 19/04/2017 e no perfil do contratante do Concello de Tui, cun prazo de presentación de proposicións de 8 días hábiles, rematando o mesmo o 03/05/2017.

4.-Rematado o prazo de convocatoria, emitida resolución de nomeamento de membros da Mesa de Contratación e unha vez realizados os procesos de apertura dos sobres A) "Documentación Administrativa", sobre C) Criterios nos que a súa ponderación dependa dun xuízo de valor, e sobre B) Criterios cuantificables de forma automática-"Proposta Económica", con data 16 de outubro de 2017 emítese por parte da Mesa de Contratación **proposta de oferta económica máis vantaxosa a favor da empresa Estudio Técnico Gallego, S.A.**, que se eleva ao órgano de contratación aos efectos de requirimento ao licitador proposto. Mediante

Resolución da Alcaldía de data 18 de outubro de 2017, se resolve requirir á devandita empresa a documentación xustificativa aos efectos do disposto no artigo 151 do TRLCSP.

5.-En virtude de Resolución de Alcaldía de data 08/11/2017, avogando as competencias da Xunta de Goberno Local en materia de contratación, e tendo en conta o prazo de execución e xustificación, resólvese adxudicar á empresa “Estudio Técnico Gallego”, CIF nº A15093081, o contrato de servizo de “Elaboración de Inventario de Camiños e Vías Municipais do Concello de Tui” polo prezo total de 29.009,75€ (Base: 23.975,00 e IVE: 5.034,75€) de conformidade coa proposta económica presentada e con suxeición ao prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, incluíndo as seguintes melloras ofertadas:

- *-Periodo de asistencia técnica/mantemento do inventario: catro (4) anos.
- *-Redución do prazo de execución do contrato: catro (4) semanas.

CLAUSULAS.

PRIMEIRA.-O Concello de Tui, representado neste acto polo Alcalde, Sr. Carlos Vázquez Padín, formaliza a adxudicación á mercantil “ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.”, CIF nº A15093081, do contrato de servizo “Elaboración de Inventario de Camiños e Vías Municipais do Concello de Tui”, de acordo coa resolución de Alcaldía de data 8 de novembro de 2017, polo importe total de 29.009,75€ (Base: 23.975,00€. IVE 21%: 5.034,75€) e melloras que se especifican na cláusula 2ª deste contrato.

SEGUNDA.-D. José Ramón Blanco Fernández, con DNI 33.225.673-B, que actúa como representante da empresa “ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.”, CIF nº A-15093081 con enderezo social en Vía La Cierva, nº 15, Polígono del Tambre, 15890-Santiago de Compostela (A Coruña), correo electrónico: estudiotg@estudiotg.es; como adxudicataria do contrato, comprométese á execución do contrato de servizo “Elaboración de Inventario de Camiños e Vías Municipais do Concello de Tui”, de conformidade coa proposta económica presentada e con suxeición á memoria técnica e prego de cláusulas administrativas aprobados, documentos contractuais que acepta incondicionalmente.

TERCEIRA.- Prezo do contrato de adxudicación:

Orzamento base: 23.975,00€

IVE 21%: 5.034,75€

Total: 29.009,75€

o Melloras:

*-Período de asistencia técnica/mantemento do inventario: catro (4) anos.

*-Redución do prazo de execución do contrato de: catro (4) semanas.

CUARTA.- O prazo de execución do contrato, de conformidade coa mellora ofertada pola empresa adxudicataria, **será de seis meses** a partir do día seguinte ao da sinatura deste contrato.

QUINTA.- De conformidade co disposto na cláusula 26 e coa proposta económica presentada pola empresa adxudicataria, o contrato terá un prazo de asistencia técnica/mantemento de **catro anos**.

SEXTA.- O pagamento do contrato realizarase de conformidade co estipulado na cláusula 28ª do prego de cláusulas administrativas aprobado.

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

SÉTIMA.- A garantía por importe de mil cento noventa y ocho euros con setenta y cinco céntimos (1.198,75 euros), depositada pola adxudicataria responde do cumprimento das obrigas contractuais, das penalidades impostas, dos gastos orixinados á administración pola demora, dos danos e prexuízos ocasionados á administración con motivo da execución e do resto de responsabilidades a que están afectas as garantías, artigo 100 do TRLCSP.

OCTAVO.- Incorpórase ó presente contrato e debidamente subscrito por ambas partes en proba de conformidade unha copia do prego de cláusulas administrativas aprobado, e proposta económica presentada.

Lido este documento e en proba de conformidade co mesmo ambas partes o asinan.

En Tui, documento asinado dixitalmente polo Alcalde, Carlos Vázquez Padín, e a Secretaria, Pilar Fernández Alonso, asinándose en sinatura gráfica polo contratista.

O CONTRATISTA



Asdo.: José Ramón Blanco Fernández.



PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE, DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI. (PPOS 2016)

CLÁUSULA 1. Obxecto do contrato e cualificación.-

O contrato a que se refire o presente prego ten por obxecto a prestación do servizo de "Elaboración de Inventario de Camiños e Vías Municipais do Concello de Tui", comprensivo dos traballos e servizos que se sinalan no presente prego e no Prego de Prescricións Técnicas (PPT)/Memoria descriptiva valorada para a elaboración de inventario de camiñosmunicipais do Concello de Tui, de data 29 de febreiro de 2016, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola municipal.

CPV: 71356200-0-Servizos de Asistencia Técnica.

Con carácter xeral, e sen prexuízo das particularidades que se sinalen no presente prego e no PPT, o contrato comprende:

- Os traballos e servizos de investigación, identificación, comprobación, revisión, ordenación e valoración dos bens que deban estar incluídos no Inventario de Camiños e Vías Municipais.
- A elaboración do inventario de camiños e vías municipais, co contido e alcance previsto no RD 1372/1986, de 13 de xuño (en adiante RBEL) e demais normativa aplicable, e dacordo co indicado no presente prego e no PPT.
- Gravar os datos obtidos nunha aplicación informática e implantar a mesma no Concello. A aplicación deberá ser compatible cos sistemas informáticos existentes no Concello e permitir a xestión e actualización do Inventario de Camiños e Vías Municipais.

A execución do contrato se axustará ás condicións expresadas no presente prego e no Prego de Prescricións Técnicas, e se realizara de acordo coas instrucións que se den ao contratista polo órgano de contratación. Estes pregos, así como os de prescricións técnicas, teñen carácter contractual.

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

CLÁUSULA 2. Procedemento de licitación, órgano de contratación.

O procedemento de licitación do contrato de servizos será o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, que se fundamenta na conveniencia de promover a concorrencia na presentación de proposicións, e en que o procedemento aberto é un dos procedementos de adxudicación ordinario previsto no TRLCSP.

A tramitación urgente do expediente se xustifica na necesidade de que o contrato esté rematado con data suficiente á do remate de xustificación da subvención concedida pola Deputación provincial, antes do 31/12/2017, e na necesidade urgente de contar cun Inventario de Camiños e Vías municipais que acredite a titularidade municipal dos mesmos aos efectos de tramitación de subvencións e expedientes municipais, en especial expedientes urbanísticos ou de contratación.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante resolución de data 22 de xuño de 2015, podendo avocarse dita delegación nos termos da normativa de aplicación.

A dirección postal do Concello é: Praza do Concello, nº 1, cp. 36700 Tui.

CLÁUSULA 3. Necesidades administrativas a satisfacer co contrato.



Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego de cláusulas administrativas particulares se satsíface a necesidade de que o Concello dispoña dun inventario de camiños e vías municipais e aos efectos de tramitación de subvencións e expedientes municipais, en especial expedientes urbanísticos ou de contratación.

CLÁUSULA 4. Perfil do contratante.

O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante do Concello de Tui.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante, ao que se terá acceso na páxina web seguinte: <http://www.concellotui.org>, e na que os interesados poderán consultar información referente ás licitacións do concello.

CLÁUSULA 5. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN.

O presuposto máximo de licitación deste contrato ascende á cantidade de:

Orzamento base:	29.800,00€.
IVE:	6.258,00€
Orzamento total:	36.058,00€.

Non se admitirán as ofertas que superen o presuposto máximo de licitación.

O valor estimado do contrato (sen IVE) ascende a 29.800 €.

Entenderase que os contratistas, ó formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen perxuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

A obra se atopa incluída dentro do PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PPOS/16), ascendendo a subvención concedida pola Excmo. Deputación provincial, segundo Resolución Presidencial da Deputación Provincial do 02-09-16, a 36.058,00 €.

Para atender as obrigas económicas que se derivan para o Concello existe crédito suficiente no vixente orzamento, na aplicación orzamentaria sinalada no informe de intervención, partida 2017/1/920/627.01.

CLÁUSULA 6. Duración do Contrato.

O prazo de execución dos traballos, de conformidade co indicado no prego de prescricións técnicas, será de sete meses a contar dende o comezo dos traballos.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

CLÁUSULA 7. CAPACIDADE. Acreditación da Aptitude para Contratar.

7.1- Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e non estean incursas en prohibicións de contratar segundo o artigo 60 do TRLCSP. Estes requisitos deberán reunirse no momento de finalización do prazo de presentación das ofertas.

De acordo co art. 54.2 do TRLCSP, os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

7.2- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores presentando unha declaración responsable consonte ó modelo incluído como Anexo I a este prego. (Art. 146.4 do TRLCSP)

7.3- En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera intre anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os



licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

7.4- En todo caso, o licitador situado no primeiro lugar (segundo acordo de clasificación en orde descendente do órgano de contratación) no que recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato e dentro do prazo dos dez días seguintes (ou 5 de declararse a urxencia na tramitación do expediente) ó que lle sexa comunicado o acordo de clasificación adoptado polo órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos esixidos (sendo, como xa se dixo, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos o momento de finalización do prazo de presentación das ofertas.) Dita acreditación se realizará, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, achegando a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

- a. No caso de empresarios individuais: fotocopia do D.N.I., do pasaporte ou documento que o substitúa validamente.
- b. No caso de persoas xurídicas:
 - Escritura de constitución e estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no Rexistro Mercantil, cando este requirimento fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar se realizará mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.
 - Fotocopia do C.I.F., debidamente compulsada.
- c. Empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea: a capacidade de obrar se acreditará mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde esten establecidas, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. (artigos 58 e 72.2 do TRLCSP).
- d. Outras empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior: a capacidade de obrar das restantes empresas estranxeiras non incluídas no parágrafo anterior se acreditará mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular do ámbito territorial radique o domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.
Nestes supostos, ademais, deberá acompañarse informe da Misión Diplomática Permanente española, no que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables ós enumerados no artigo 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga. Informe de reciprocidade (artigos 55 e 72.3 TRLCSP).
Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada se prescindirá do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.
- e. Para as empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): acreditarán a súa capacidade de obrar de conformidade co artigo 72.2, en virtude do establecido pola Disposición Adicional Décimo cuarta do TRLCSP.

A capacidade de obrar destas empresas se acreditará mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están



- establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- f. Disposición común a empresas estranxeiras comunitarias e non comunitarias: as empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ó licitante. (Art. 146.1.e) do TRLCSP)

2º) Acreditación das facultades de representación. Poder-DNI do apoderado.

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha sociedade ou dunha persoa xurídica, deberá acompañar documento fehaciente que acredite que o asinante da proposición dispón de poder bastante para poder intervenir en nome do representado diante do Concello no procedemento de contratación.

Igualmente a persoa con poder a efectos de representación deberá acompañar fotocopia do D.N.I., do pasaporte ou documento que o substitúa validamente.

A acreditación das facultades realizarase por medio dunha escritura notarial de apoderamento ou da escritura na que conste a elección do representante para o cargo do que se deriva a facultade de representación. Este poder haberá de estar inscrito no Rexistro Mercantil cando proceda conforme ó disposto no artigo 94 do Regulamento regulador deste Rexistro. Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art. 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

Verificación de poderes. Bastanteo. Os documentos a que se refire o parágrafo anterior serán bastanteados previamente polo Secretario da Corporación ou funcionario do concello habilitado, co fin de comprobar que as facultades son abondo para intervenir validamente no procedemento en nome da persoa representada. Se admitirán tamén os bastanteos de poder efectuados por avogado do Estado ou asesorías xurídicas de outras Administracións Públicas, ou avogado en exercicio, debendo en este último caso xustificarse a súa colexiación.

A aportación da dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en tela de xuízo.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo nos termos expostos, suporá, aos efectos do art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non ter sido revogados con data posterior.

3º) Os que xustifiquen os requirimentos de solvencia económica-financeira e técnica ou profesional.

3º.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira por un ou varios dos medios seguintes:

a.- Cifra anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, nos tres últimos anos, cun valor mínimo esixido (no ano de maior volumen de negocio dos tres indicados) equivalente ou superior ao valor estimado do contrato.

b.- Mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do presente contrato, así como aportar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición, en caso de resultar adxudicatario, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de 10 días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 151 do TRLCSP.



A acreditación deste requisito se efectuará por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de suscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

3º.2.- SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia técnica polo medio seguinte:

a.- Relación dos principais servizos realizados polo licitador no curso dos últimos cinco anos correspondentes ao mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do presente contrato (que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos), avalados por certificados de boa execución para os máis importantes, e o requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade medida se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

A efectos de determinar a correspondencia entre os servizos acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último se atenderá ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

Dacordo co Artigo 63 TRLCSP, para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios durante o tempo en que sexa necesario para executar o contrato (mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso de disposición), ademais de xustificar a súa suficiencia polos medios establecidos na presente cláusula.

3º.3 CLASIFICACIÓN. Para a presente contratación non se exige clasificación, sendo suficiente a acreditación da solvencia económico-financieira e técnico profesional.

4º) Unións temporais de empresas.

A Administración poderá contratar con unións de Empresarios que se constitúan temporalmente ó efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para que na fase previa á adxudicación sexa eficaz a unión temporal fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados en ela indiquen os nomes e circunstancias aos que a constitúan, a participación de cada un deles na UTE e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato (artigo 59 do TRLCSP). O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas ou profesionais compoñentes da Unión.

Deberá designarse un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contías significativas.

Así mesmo deberán presentar cada unha das empresas ou profesionais que a constitúan a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, así como a documentación administrativa xeral esixida nos apartados precedentes, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma. E no suposto de que se esixa clasificación se estará ó disposto no artigo 67.5 TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a UTE deberá formalizar a unión en escritura pública, así como presentar o C.I.F. da UTE todo elo dentro do prazo de quince días seguintes ó data en que reciba a notificación de adxudicación, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorrer, agrupados en UTE quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.



No caso de que na UTE participen ou a constituán empresas pertencentes a Estados da UE ou signatarios se estará ó disposto nos artigos 59.4 e 66 do TRLCSP, cando a clasificación sexa esixible.

Cando participen na UTE empresas estranxeiras non comprendidas no apartado anterior será de aplicación o establecido no artigo 59.4 do TRLCSP, cando a clasificación sexa esixible.

5º) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.
Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

6º) Acreditación de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, de acordo cos artigos 60, 73 e 146 do TRLCSP e de acordo co sinalado na cláusula 16 do presente prego.

- **DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS:** Os documentos que se presenten deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

- Acreditación de documentación administrativa mediante inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do estado ou das comunidades autónomas. Os licitadores poderán indicar ó rexistro no que se atopan inscritos acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

7.5- Presentada a documentación acreditativa o órgano de contratación cualificará a documentación achegada polo licitador e, no seu caso, cando esta non sexa conforme co previsto no artigo 146 do TRLCSP e na presente cláusula dos pregos, poderá requirirle a súa emenda, concedéndolle ao efecto un prazo de tres días hábiles.

7.6- No caso de que os datos incluídos na declaración xurada non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que poida incurrir o declarante, a Administración municipal se reserva o dereito de emprender as accións legais oportunas para reclamarlle os danos e prexuízos que lle puidese causar.

CLÁUSULA 8. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS. O contratista está obrigado a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a boa execución do servizo obxecto do contrato.

A tales efectos e de acordo co art. 64.2 do TRLCSP, dentro do equipo de traballo que o contratista adscriba para a elaboración do inventario, deberá figurar, como mínimo: un licenciado en dereito, un enxeñeiro-técnico, un delineante e un administrativo.

En relación co persoal mínimo esixido e con carácter previo á adxudicación esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa que achegue como documentación acreditativa do cumprimento de adscripción de medios persoais mínimos:

- Copia da titulación académica, autenticada por notario ou cotexada por funcionario.
- Compromiso de participación dos medios externos, no caso de que os medios sean alleos ao licitador. Deberá acreditarse a súa dispoñibilidade por medio dos compromisos de participación asinados polo responsable do medio externo, no que se identifique claramente o obxecto da colaboración e a denominación do contrato en cuestión.

CLÁUSULA 9. PRESENTACIÓN DE OFERTAS. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓN.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición, calquera que sexa o número de dependencias onde ésta se presente. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

unión temporal. A contravención destas normas dará lugar á desestimación de tódalas propostas por el presentadas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicionada, por parte dos licitadores, das cláusulas deste Prego así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvedade ou reserva algunha, e a asunción da súa responsabilidade en canto ao cumprimento de todas e cada unha das condicións esixidas no mesmo.

9.1. Prazo: O prazo de presentación de proposicións para poder tomar parte na licitación será de **8 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante, tendo en conta a publicación que sexa posterior, en tres sobres pechados asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos no presente prego.

Polo que respecta ó cómputo do prazo para presentar proposicións ó que se refire o parágrafo anterior haberá que atender á data de publicación do anuncio de licitación no BOP ou perfil de contratante segundo cal sexa posterior.

No suposto de que o día de terminación do prazo fora inhábil se entenderá prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Durante este prazo estes pregos poderán ser examinados e retirada copia no departamento de Secretaria- Servizo de Contratación, en horario de 9 a 14.

9.2. Lugar: Os interesados presentarán as súas proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Tui, no horario de apertura ó público, ou ben en calquera das formas permitidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se algún dos interesados fixera uso da facultade de presentar as súas ofertas por correo, ó abeiro do que dispón o artigo 80 do RXCAP, deberá por esta circunstancia en coñecemento do órgano de contratación mediante a remisión no mesmo día dun fax, telex ou telegrama no que se faga consta-lo contrato ó que se opta e o feito da presentación por correo da oferta. En todo caso, transcorridos 10 días desde a data indicada se ter recibida a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

9.3. Forma: Os licitadores presentaran as súas proposicións en tres sobres (1, 2 e 3) pechados e firmados por el mesmo ou persoa que o represente, nos que se indicará o nome e apelidos e NIF (se se trata de persoas físicas) ou denominación social da empresa co CIF, o domicilio a efectos de notificacións e o título do procedemento.

A documentación relativa ós criterios nos que a ponderación dependa dun xuízo de valor (e non da aplicación de fórmulas) debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición, nos termos establecidos no presente prego.

OS SOBRES CONTERÁN:

A- O SOBRE 1. DE DOCUMENTACIÓN PERSOAL: O sobre 1 se presentará na forma especificada na presente cláusula, figurando no sobre a mención "DOCUMENTACIÓN PERSOAL PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI". Así mesmo terá que figurar no sobre o nome e apelidos (co DNI) ou denominación social (co CIF), e domicilio a efectos de notificacións.

- En dito sobre se deberá incluír unha declaración responsable de acordo co modelo incluído como **Anexo I** neste prego.

As declaracións deberán ser firmadas por persoa con poder de representación acreditado.

B- O SOBRE Nº 2. PROPOSICIÓN ECONÓMICA / CRITERIOS VALORABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DUNHA FÓRMULA.

No exterior do sobre figurará a mención "SOBRE Nº 2, PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI".



- Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. A oferta económica se presentará conforme ó modelo que se incorpora como **Anexo II**.

Se deberán incluír os seguintes criterios de adxudicación:

1- Oferta económica: baixa no prezo do contrato: Máximo de 30 puntos.

Valorarase con 30 puntos a oferta económica máis baixa e con 0 puntos a oferta económica coincidente co prezo de licitación, valorándose o resto de ofertas dacordo coa seguinte fórmula:

$$P = 30 \times (Y/X)$$

Sendo:

P = Puntuación obtida pola oferta a valorar

Y = Oferta máis baixa

X = Oferta a valorar

2- Período de Asistencia técnica / Mantemento do inventario: Máximo de 20 puntos.

Propónse a valoración de cinco puntos (5 puntos) por cada ano de asistencia técnica/Mantemento ata un máximo de 4 anos de mantemento, vinte puntos (20).

3.- Redución do prazo de execución do contrato: Máximo de 10 puntos. Propónse a valoración de dous coma cinco (2,5) puntos por cada semana de redución do prazo de execución do contrato ata un máximo de 4 semanas, dez (10) puntos, quedando o prazo de entrega do inventario en seis meses.

C- O SOBRE Nº 3. CRITERIOS NOS QUE A SÚA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUIZO DE VALOR.

No exterior do sobre figurará a mención "SOBRE Nº 3. CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUIZO DE VALOR PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI."

Neste sobre se incluírán aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor (e non da aplicación dunha fórmula).

Os criterios de adxudicación a incluír son:

Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos: Máximo de 40 puntos.

Deberá presentarse unha memoria/plan de prestación do servizo, especificando en particular os seguintes aspectos: a metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos, o cronograma, os modelos de fichas propostos, os medios materiais, ferramentas e dispositivos a utilizar e os recursos humanos que se achegarán para a prestación do servizo (acompañando os datos persoais, titulación e referencias que permitan xulgar a súa preparación e experiencia), así como o/soporte informático no que, de resultar adxudicatario, cargarase toda a información obxecto do contrato.

Este criterio valorase tendo en conta o alcance e viabilidade do proxecto de acordo coa metodoloxía e planificación proposta, a coherencia do cronograma coa metodoloxía exposta, a calidade dos servizos ofertados e a metodoloxía proposta, as características dos medios materiais, ferramentas e dispositivos a utilizar, a maior adscrición de recursos humanos respecto do persoal mínimo sinalado nos pregos e a súa cualificación, o maior detalle e determinación dos datos a concretar nas fichas propostas en comparación co mínimo requirido pola normativa de aplicación, así como a adecuación ás necesidades do concello, portabilidade, características e funcionalidades do soporte informático ofertado.

Valorarase así mesmo a metodoloxía a empregar ante a existencia de discrepancias nos datos obtidos para determinar a situación xurídica correcta e proposta de actuacións de xestión para corrixir discrepancias durante a elaboración do inventario.

As melloras enténdense sen custo para o concello e só se valorarán as melloras ofertadas que excedan do contido mínimo establecido nos pregos.



En caso de empate entre os licitadores atenderase á composición do equipo profesional achegado, dando prioridade ao licitador que presente maior número de técnicos cualificados integrados no persoal da empresa ou mediante contratos de servizos profesionais adscritos á realización do servizo obxecto de contratación, para acreditar a súa adecuada prestación.

CLÁUSULA 10.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Tui, a adxudicación a proposta da Mesa de Contratación, así como todas as competencias propias do órgano de contratación, sen perxuízo da posibilidade de avogación das competencias pola Alcaldía.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

10.1.- Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos: Máximo de 40 puntos.

Debera presentarse unha memoria/plan de prestación do servizo, especificando en particular os seguintes aspectos: a metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos, o cronograma, os modelos de fichas propostos, os medios materiais, ferramentas e dispositivos a utilizar e os recursos humanos que se achegaran para a prestación do servizo (acompañando os datos persoais, titulación e referencias que permitan xulgar a súa preparación e experiencia), así como o/soporte informático no que, de resultar adxudicatario, cargarase toda a información obxecto do contrato.

Este criterio valorase tendo en conta o alcance e viabilidade do proxecto de acordo coa metodoloxía e planificación proposta, a coherencia do cronograma coa metodoloxía exposta, a calidade dos servizos ofertados e a metodoloxía proposta, as características dos medios materiais, ferramentas e dispositivos a utilizar, a maior adscrición de recursos humanos respecto do persoal mínimo sinalado nos pregos e a súa cualificación, o maior detalle e determinación dos datos a concretar nas fichas propostas en comparación co mínimo requirido pola normativa de aplicación, así como a adecuación ás necesidades do concello, portabilidade, características e funcionalidades do soporte informático ofertado.

Valorarase así mesmo a metodoloxía a empregar ante a existencia de discrepancias nos datos obtidos para determinar a situación xurídica correcta e proposta de actuacións de xestión para corrixir discrepancias durante a elaboración do inventario.

As melloras enténdense sen custo para o concello e só se valorarán as melloras ofertadas que excedan do contido mínimo establecido nos pregos.

10.2.- Oferta económica: baixa no prezo do contrato: Máximo de 30 puntos.

Valorarase con 30 puntos a oferta económica máis baixa e con 0 puntos a oferta económica coincidente co prezo de licitación, valorándose o resto de ofertas dacordo coa seguinte fórmula:

$$P = 30 \times (Y/X)$$

Sendo:

P = Puntuación obtida pola oferta a valorar

Y = Oferta máis baixa

X = Oferta a valorar

10.3.- Período de Asistencia técnica / Mantemento do inventario: Máximo de 20 puntos.

Propónse a valoración de cinco puntos (5 puntos) por cada ano de asistencia técnica/Mantemento ata un máximo de 4 anos de mantemento, vinte puntos (20).

10.4.- Redución do prazo de execución do contrato: Máximo de 10 puntos. Propónse a valoración de dous coma cinco (2,5) puntos por cada semana de redución do prazo de execución do contrato ata un máximo de 4 semanas, dez (10) puntos, quedando o prazo de entrega do inventario en seis meses.



En caso de empate entre os licitadores atenderase á composición do equipo profesional achegado, dando prioridade ao licitador que presente maior número de técnicos cualificados integrados no persoal da empresa ou mediante contratos de servizos profesionais adscritos á realización do servizo obxecto de contratación, para acreditar a súa adecuada prestación.

O órgano de contratación poderá solicitar os informes técnicos que considere necesarios para a valoración dos criterios para a adxudicación sinalados no presente prego.

CLÁUSULA 11.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.- Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

a).- Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LOAP.

b).- Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adxudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.

CLÁUSULA 12. CONFIDENCIALIDADE.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós secretos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento. De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato e que se lle houberse dado o referido carácter nos pregos o no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber se manterá durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

CLÁUSULA 13.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— **COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS.** O contratista está obrigado a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a boa execución do servizo obxecto do contrato.

A tales efectos e de acordo co art. 64.2 do TRLCSP, dentro do equipo de traballo que o contratista adscriba para a elaboración do inventario, deberá figurar, como mínimo: un licenciado en dereito, un enxeñeiro-técnico, un delineante e un administrativo.

En relación co persoal mínimo esixido e con carácter previo á adxudicación esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa que achegue como documentación acreditativa do cumprimento de adscripción de medios persoais mínimos:

- Copia da titulación académica, autenticada por notario ou cotexada por funcionario.
- Compromiso de participación dos medios externos, no caso que os medios sean alleos ao licitador. Deberá acreditarse a súa dispoñibilidade por medio dos compromisos de participación asinados polo responsable do medio externo, no que se identifique claramente o obxecto da colaboración e a denominación do contrato en cuestión.

— **Gastos esixibles ó contratista.** Son de conta do contratista, os gastos e impostos da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estes sinalen.



- Executar o obxecto do contrato con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas no contrato e no prego, así como ás instrucións que se den polo director do servizo.

-Cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

-O contrato se executará a risco e ventura do contratista e non será aplicable a revisión de prezos, tendo en conta a súa duración.

- Prestar os servizos con persoal cualificado necesario para unha correcta execución do contrato, o cal dependerá, única e exclusivamente, do contratista, sen que teña vinculación ningunha co concello de Tui.

-Indemnizar tódolos danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requiran a execución do contrato nos termos previstos no art. 214 del TRLCSP.

CLÁUSULA 14.- COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.-

Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas se establece a seguinte composición da Mesa de contratación, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda, apartado 10, do TRLCSP:

A Mesa de Contratación estará composta por:

Presidente: - O Alcalde do Concello de Tui, ou concelleiro en quen delegue.

Vogais:

- A Secretaria do concello ou funcionario en quen delegue.
- O Interventor do concello ou funcionario en quen delegue.
- O técnico redactor do prego de prescricións técnicas
- A concelleira de Facenda e Urbanismo.

Secretario: Funcionario do concello de Tui.

CLÁUSULA 15.- APERTURA DE PLICAS.

a) A mesa de contratación cualificará previamente a documentación presentada no sobre 1 de documentación persoal, en acto non público, que se celebrará no lugar e día que se sinala no Taboleiro de edictos e Perfil do Contratante.

Polo que respecta a cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da mesa de contratación), estarase ao disposto no art. 146 do TRLCSP e restante normativa de aplicación.

A cualificación da documentación presentada se efectuará pola mesa de contratación constituída ó efecto.

Aberto o sobre 1, declararanse admitidos inicialmente á licitación aos licitadores que teñan presentado correctamente a declaración xurada incluída como Anexo I, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requerida no seu caso a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

Se o órgano de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente procedemento, lle comunicará ao interesado por correo electrónico ou fax esta circunstancia, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles para a corrección ou emenda. No seu caso o órgano de contratación fará declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

Do actuado se deixara constancia na acta que necesariamente deberá emitirse.



23 MAR 2017

b) Posteriormente a mesa de contratación procederá á apertura e exame das proposicións **sobre 3 (criterios que dependen dun xuízo de valor)**, en acto público, que se celebrará no lugar e día que se sinala no Taboleiro de edictos e Perfil do Contratante.

O comezo desta mesa polo presidente se dará conta do resultado da cualificación da documentación persoal. As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A mesa poderá solicitar os informes e asesoramentos que estime convenientes.

c) O acto público de **apertura de proposicións do sobre 2** (proposición económica / criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula) celebrarase no lugar e día que se sinala no taboleiro de anuncios da Corporación ou perfil de contratante.

Antes de comezar o acto público no que se abran os sobres 2 (ofertas económicas e criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula) se dará lectura á valoración dos aspectos técnicos das proposicións a que se refire a documentación contida no sobre núm. 3.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A mesa poderá solicitar os informes e asesoramentos que estime convenientes.

A mesa formulará a correspondente proposta de adxudicación ó órgano de contratación, a favor da oferta que resultase economicamente máis vantaxosa das presentadas e admitidas e unha vez ponderados os criterios de adxudicación que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario. De acordo co artigo 160 do TRLCSP, a apertura das proposicións deberán efectuarse no prazo máximo de un mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar ofertas.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do candidato proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

CLÁUSULA 16.- RENUNCIA OU DESISTIMENTO. GASTOS A ABONAR NO CASO DE RENUNCIA OU DESISTIMENTO.

Corresponde ó órgano de contratación por razóns de interese público debidamente xustificadas renunciar a celebrar un contrato antes da adxudicación. Tamén poderá desistir do procedemento antes da adxudicación cando se aprecie unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

No caso de renuncia ou desistencia, se compensará a cada un dos licitadores polos gastos nos que incorrese, de acordo co establecido no art. 155 do TRLCSP. Elo non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 100 €.

CLÁUSULA 17.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

A adxudicación do contrato deberá ser acordada e notificada de maneira motivada a todos os candidatos e licitadores ós efectos establecidos respecto de cada contrato e procedemento de adxudicación nos artigos 151, 153, 160 e 161 do TRLCSP.



ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non se declarasen desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 152 do TRLCSP así como cláusula 11 deste prego. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes.

- De acordo co artigo 151.2 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa (clasificada en primeiro lugar) para que, dentro do prazo de dez días hábiles (ou 5 días hábiles de declararse a urxencia na tramitación do expediente), a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación de elo, de dispor efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2, e de haber constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados ~~poderán ser expedidos por~~ medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos. Polo que respecta á acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, de conformidade co establecido nos artigos 151 do TRLCSP e 13, 14 e 15 do RXCAP, deberá aportar certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes nas que se acredite atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, así como respecto ás súas obrigas coa seguridade social, e no mesmo sentido, no seu caso, certificación expedida polo órgano competente da Comunidade autónoma, ou achegarse declaración de non estar a empresa suxeita a tributación en outra Administración distinta a aquela ou aquelas as que se refira a certificación/s aportada/s. A acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa entidade local será comprobada de oficio pola propia Administración Local.

- Así mesmoe antes da adxudicación, dentro do citado prazo de dez días hábiles a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP (prazo que será de 5 días hábiles de declararse a urxencia na tramitación do expediente), o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa tamén terá que presentar:

-- Testimonio xudicial, certificación administrativa, ou declaración responsable outorgada polo apoderado ante a Secretaría do Concello de Tui, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, facendo constar que non está comprendido en ningunha das circunstancias de incapacidade ou de prohibición para contratar que se establecen no artigo 60 e 146 do TRLCSP. (Artigo 73.1 TRLCSP e como complemento da documentación xustificativa da acreditación de non atoparse incurso en prohibición para contratar.) Cando se trate de empresas de Estados membros da UE e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial (artigo 73.2 TRLCSP).

-- Respecto da alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que se exerzan actividades suxeitas a este imposto, en relación coas actividades que veñan realizando á data de presentación de proposicións, a acreditación se efectuará mediante a presentación da alta, referida ó exercicio corrente ou do último recibo do IAE, completado con unha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do citado imposto. Todo elo de acordo e nos termos precisados polos artigos 60.d) do TRLCSP e 13 e 15 do RXCAP (RD 1098/2001). En caso de exención acreditarase a mesma, debendo acompañar ademais a alta no IAE no epígrafe que corresponda ó obxecto do contrato e a declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do imposto.



De non cumprir adecuadamente os requirimentos no prazo sinalado, se entenderá que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose en ese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que houberen quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Todo elo sen prexuízo de que, así mesmo e antes da adjudicación, nos termos indicados na cláusula 7 do presente prego e no art. 146.4 do TRLCSP, o licitador a favor do que recaia a proposta de adjudicación deberá de acreditar ante o órgano de contratación a posesión e validez dos documentos esixidos sinalados en dita cláusula 7 e no art. 146.1 do TRLCSP.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación do contrato se acordará polo órgano de contratación en resolución motivada, de conformidade co sinalado no artigo 151 do TRLCSP, e deberá notificarse a mesma ós candidatos ou licitadores e, simultaneamente se publicará no perfil do contratante do órgano de contratación.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor, conforme ao artigo 40 do TRLCSP, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitise a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta de éste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores e que foran admitidas.

Será de aplicación á motivación da adjudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 do TRLCSP.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante se indicará o prazo en que debe procederse a súa formalización conforme ao artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación se fará por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, podera efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 41.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, será de cinco días.

CLÁUSULA 18.- GARANTÍAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS.

Non será necesaria a constitución de garantía provisional de conformidade co disposto no artigo 103 do TRLCSP.

De acordo co artigo 95 e seguintes do TRLCSP, os que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos deberán constituir a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva do 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE.

Polo tanto e como dispón o artigo 99.1 do TRLCSP, o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar no prazo sinalado no artigo 151.2 do TRLCSP, a constitución da garantía definitiva. De non cumprir este requisito por causas a el



imputables, a Administración non efectuará a adxudicación ao seu favor, sendo de aplicación o disposto no último parágrafo do artigo 151.2

Esta garantía poderá constituírse por calquera dos medios que autoriza o TRLCSP (artigo 96), así:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

Os avais ou seguros de caución deberán constituírse conforme o establecido nos artigos 55 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A garantía definitiva non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou cando se resolvese o mesmo sen culpa do contratista.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP.

CLÁUSULA 19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles (8 días hábiles no caso de declararse a urxencia na tramitación do expediente) seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP. (Artigo 156.3 da TRLCSP)

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se houbese formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso houbese esixido. Se as causas de non formalización foran imputables á Administración, se indemnizará ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle poidan ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113 do TRLCSP relativo á tramitación de emerxencia.

Cando resulte adxudicatario unha unión temporal de empresas deberá de aportarse con anterioridade á formalización do contrato a escritura pública da súa constitución, así como o nomeamento dun representante ou apoderado con poder bastante para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se derivan ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da



existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía definitiva.

CLÁUSULA 20.- LEXISLACIÓN LABORAL, SEGURIDADE SOCIAL E SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

CLÁUSULA 21.- RESPONSABILIDADE. DANOS.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexulzos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía.
Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei. A cantidade en que se concrete a responsabilidade do contratista poderá ser esixida pola vía de constrinximento administrativo.

CLÁUSULA 22.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS VARIOS.

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación ata un importe de: 1000 €.
O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.
Tamén será a conta do adxudicatario a xestión de cantas autorizacións administrativas ou doutro tipo sexan necesarias para a execución completa das obras e a súa posta en funcionamento, debendo abonar a súa costa os gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións.

CLÁUSULA 23.- REVISIÓN DE PREZOS.

Debido ás características do contrato e ao prazo de execución establecido, e ao abeiro do art. 89 do TRLCSP, o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha ó longo da súa vixencia.

CLÁUSULA 24.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211 do TRLCSP.

De acordo co artigo 219 do TRLCSP, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos no título V do libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156.

CLÁUSULA 25. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato se rexerá polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do TRLCSP e especificamente para o contrato de servizos nos artigos 308 e 309 do TRLCSP, así como nos artigos 109 e concordantes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En todo caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ó contratista se estará ó disposto no artigo 225.3 do TRLCSP.

CLÁUSULA 26.- PRAZO DE GARANTÍA.

Dado que no contrato se establece, entre os criterios de adxudicación, un período de asistencia técnica/mantemento, o prazo de garantía do contrato será o da proposta máis vantaxosa que resulte adxudicatario do contrato. Unha vez cumprido o contrato, se non resultasen responsabilidades que se deben de exercer sobre a garantía, se ditará acordo de devolución de aquela, previo informe favorable do servizo correspondente.



CLÁUSULA 27. PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

En canto á execución defectuosa e a demora estarase o disposto no artigo 212 e concordantes do TRLCSP.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias nos termos previstos no artigo 212.4 TRLCSP (0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato).

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, no caso de estar previstas prestacións parciais e prazos de execución parcial, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

As penalidades imponseñanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non se poidan deducir das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA 28. PAGO DO PREZO DO CONTRATO.

O pagamento do prezo de adxudicación efectuarase previa presentación polo adxudicatario de factura dos traballos executados, e unha vez prestada a conformidade á mesma polo técnico correspondente do Concello e aprobada polo órgano competente do concello.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado -ao que encóntrase adherido o Concello de Tui, son os seguintes:

Oficina contable: Código DIR 3 LO 1360558.

Órgano xestor: Código DIR 3 LO 1360558.

Unidade tramitadora: Código DIR 3 LO 1360558.

CLÁUSULA 29. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes do contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 do TR LCSP.

- Os dereitos e obrigas derivados do contrato formalizado poderán ser obxecto de cesión a un terceiro cando así o autorice previamente de forma expresa o órgano de contratación, o contratista cedente executase como mínimo un 20 por 100 do prezo de contrato e se efectuase a explotación polo menos durante una quinta parte do prazo de duración do contrato e o cesionario teña capacidade para contratar e a solvencia que resulte esixible, tendo que estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar. Autorizada a cesión deberá formalizarse en escritura pública quedando subrogado o cesionario nos dereitos e deberes do cedente.

- O adxudicatario do contrato poderá subcontratar a execución parcial do mesmo, sempre que as prestacións parciais non superen no seu conxunto o 60 por 100 do prezo do contrato.

Será requisito para a celebración do subcontrato que o adxudicatario de coñecemento previo e por escrito ao Concello e sinala as partes do contrato, as prestacións parciais a realizar pola subcontrata e a identidade do subcontratista.



En todo caso será de aplicación o disposto nos artigos 226, 227 e 228 do TRLCSP.

CLÁUSULA 30. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO. XURISDICCIÓN.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as prerrogativas de interpretación do contrato, resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificación por razóns de interese público, acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

Este contrato ten carácter administrativo e se rexerá polo prego de cláusulas administrativas particulares, polo prego de prescricións técnicas, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TR da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), polo RD 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve a lei 30/2007, de 30 de outubro, e, en canto non se atope derogado, polo Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e no seu caso pola lexislación de contratos da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución. Supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos porán fin á vía administrativa. Contra tales acordos caberá a interposición de recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei Reguladora da devandita xurisdición (Lei 29/1998), sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.


Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP será potestativa a interposición do recurso especial en materia de contratación, non procedendo a interposición de recursos administrativos ordinarios para tales supostos do artigo 40 citado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do TRLCSP.

Tui, 14 de marzo de 2017.

O Alcalde

Enrique Cabaleiro González



ASISTENTE



ANEXO I (A INCLUIR NO SOBRE Nº 1)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona con D.N.I., con domicilio a efectos de notificación en

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

En representación da empresa con NIF nº constituída (referencia escritura) e con domicilio a efectos de notificación en acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura).

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
2. Que reúne/ou que a empresa á que representa reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), así como no seu caso a habilitación profesional necesaria para concertar co Concello a execución do contrato.
3. Que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo segundo consta nos estatutos da empresa de data inscritos no Rexistro Mercantil.
4. Que nin eu persoalmente nin a persoa xurídica á que represento estamos incursos en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
5. Que a empresa á que represento atopase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Tui e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que ten/ ou a mercantil á que representa ten a clasificación/solvencia (económica, financeira e técnica ou profesional) requirida no Prego de Cláusulas Administrativas para dita contratación.
Que, no seu caso, dita declaración se complementa polo medio seguinte (marcar o que proceda):
 - a. Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coas seguintes mercantís.....
 - b. Que dispón de medios externos para executar as prestacións seguintes.....
Os medios externos consisten en..... e serán aportados por..... A tal efecto subscribiuse con dita empresa un.....
- 7- Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís: e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nas seguintes porcentaxes adquirindo o compromiso expreso de constituir dita UTE no caso de resultar a nosa oferta adxudicataria do contrato (neste caso, a declaración será subscribida por cada unha das empresas que integrarán a futura UTE).
- 8 - Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación. (Entenderase por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se atopan nalgún dos supostos contemplados no artigo 42.1 do Código de Comercio).
- 9.- No suposto de que no prego de cláusulas administrativas particulares e /ou prego de prescricións técnicas se esixan medios persoais ou materiais, declaro o compromiso de



adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que no mesmo se contemplan.

10.- Que a empresa á que represento NON/SI (márquese o que proceda) ten un número de 50 ou máis traballadores, (en caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de....., o que supón un% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente, segundo o caso), significando que supliuse a esixencia legal de dispoñer no cadro de persoal con máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....

11.- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

12.- Que a oferta que presento garante respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscribas pola Unión Europea.

13.- Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte

14.- No suposto de que o licitador sexa estranxeiro se compromete a someterse á xurisdición dos xuígados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

O que declaro aos efectos do previsto no art.146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de Tramitación, en caso de ser adxudicatario do contrato..... indicando estar en posesión de todos os requisitos no intre de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de..... á súa verificación directa.

Lugar, data, selo e sinatura.
 En.....a de..... de.....

Asdo:.....



**ANEXO II.
PROPOSICIÓN ECONÓMICA (a incluir no sobre nº 2)**

D/Dª maior de idade, con DNI
nº e con domicilio en
..... Código Postal Provincia
..... Teléfono Fax actuando en nome propio
(ou actuando en representación da Empresa: con
CIF e con domicilio social na rúa
Código Postal Provincia Teléfono
Fax Correo electrónico), enterado da licitación para
a adjudicación por procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) do
contrato administrativo do "SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS
E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI",

MANIFESTA QUE TOMA PARTE NA LICITACIÓN, e aos citados efectos fai constar:

1º. Que coñece e acepta integramente tódalas cláusulas dos pregos que van rexer o contrato, de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

2º. Que ofrece os seguinte prezo polo obxecto do contrato:

CANTIDADE EN LETRA

SEN IVE:
IVE:
TOTAL CON IVE:

CANTIDADE EN NÚMERO

SEN IVE:
IVE:
TOTAL CON IVE:

Para tódolos efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do IVE a teor do disposto no art. 25 do Real decreto 1.624/1992 do 29 de decembro polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no art. 145 do TRLCSP.

3º. Que ofrece como "Período de Asistencia técnica / Mantemento do inventario":
..... anos.

4º. Que ofrece unha redución do prazo de execución do contrato de
semanas.

5º.- Que no sobre nº 3 se inclúen os documentos precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor, conforme ó apartado C da cláusula 9.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

En de de
O Licitador (asinado e selado)



CONCELLO
DE TUI

SECRETARÍA XERAL DE GOBERNACIÓN
SECRETARÍA XERAL DE GOBERNACIÓN
SECRETARÍA XERAL DE GOBERNACIÓN

25 MAR 2017


[Handwritten signature]
SECRETARÍA


**ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE
CAMIÑOS MUNICIPAIS DO
CONCELLO DE TUI.**

PROMOTOR: EXCMO. CONCELLO DE TUI.
SITUACIÓN: TUI

AUTOR: FABIÁN HARREIRO GONZÁLEZ
EXCMO. CONCELLO DE TUI.

ENXENEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA
29 DE FEBREIRO DE 2016







CONCELLO
DE TUI

**ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS
MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI.**


MEMORIA DESCRIPTIVA VALORADA PARA A ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI :

1) A presente memoria valorada comprende os traballos e servizos de investigación, identificación, comprobación, revisión, ordenación e valoración dos camiños municipais que deban estar incluídos no Inventario de Bens Municipal do Concello de Tui.

2) Os traballos a realizar partirán do estudo da actual situación patrimonial da Corporación. A elaboración estará baseada na recompilación, estudo e análise de toda a información e documentación que poidan existir nos arquivos das Administracións, Rexistros Públicos e Catastro, e así mesmo na cesión da documentación pertinente por parte dos distintos departamentos do Concello (Secretaría, Intervención, Urbanismo, Servizos, etc.), que colaborarán co adxudicatario facilitándolle todos os datos, documentos e demais que fosen necesarios para a execución dos traballos.

3) O adxudicatario deberá levar a cabo a investigación e o traballo de campo que sexa preciso e necesario efectuar en orde a obter un inventario de camiños municipais totalmente actualizado, o que comportará a investigación e identificación de todos aqueles camiños que sexan de presunta titularidade municipal, así como a súa depuración física e xurídica, para a incorporación ao inventario mediante as actuacións indicadas.

4) Na realización do informe de inventario achegarase unhas fichas e planos de situación a escala suficiente para a visualización completa de cada camiño cos datos de cada camiño municipal, que á vista da realidade física constatada como consecuencia do traballo de campo realizado, relativos aos seus límites, lonxitude, anchura e estado actual.



5) O adxudicatario estará obrigado a incluír os campos mínimos esixidos no **Regulamento de Bens das entidades locais**. Real Decreto 1372/1986, do 13 de Xuño, valorando como mellora as propostas de inclusión de campos que aporten máis información de cada camiño.

En canto as características dos camiños será de obrigado cumprimento o incluír a maiores dos campos establecidos no regulamento os seguintes:

DATOS DE LA VÍA - SITUACIÓN

- Código
- Nombre de la Vía
- Parroquia
- Lugar
- Calle
- Foto Georeferenciada.
- Naturaleza
- Naturaleza del dominio
- Título
- Determinaciones del planeamiento
- Características
- Datos Interés
- Existencia de Aceras

LINDEROS

- Comienza en
- Termina en
- Pasa por

VALORACIÓN

Valor

CARACTERÍSTICAS

- EC
- Tipo de firme
- Ancho medio
- Longitud media
- Superficie media

INFRAESTRUCTURAS (SEGÚN DATOS ESPACIALES DE INFRAESTRUCTURAS DE LA DEPUTACION DE PONTEVEDRA)

- Saneamiento
- Alumbrado
- Abastecimiento
- Red gas
- Telecomunicaciones

DATOS RELATIVOS A CATASTRO

- Polígono Catastral

[Faint handwritten text and a signature]



Faint, illegible text line across the middle of the page.

Faint, illegible text line near the bottom of the page.

6) Os camiños se categorizarán en Camiños do Roteiro municipal (Vías Urbanas), Rede Camiños Principais e Rede Camiños secundarios.

7) Os traballos entregaranse en formatos pdf, shp, dxf, kml y kmz, co fin de que estes se poidan manexar e modificar a través de calquera aplicación libre tipo GIS.

8) O adxudicatario estará obrigado a implantación dunha aplicación informática específica para a consulta de datos do Inventario de camiños municipais co fin de que se poda consultar a información referente a esta tanto de datos gráficos, alfanumérico, fotografías asociadas y documentos adxuntos.

O manexo da aplicación debe ser sinxelo, para o manexo de calquera perfil que necesite consultala.

A accesibilidade do programa informático deberá ter a posibilidade de ser selectivo, co fin de restrinxir a información a consultar contida no mesmo, aplicando contrasinais nos diferentes equipos, e delimitando a información a visualizar en cada un deles.

A aplicación informática proposta deberá permitir a impresión de toda a información do Inventario: fichas, fotografías, planos, documentos adxuntos, listados e informes.

As fotografías realizadas en campo referentes os camiños nos que existan incidencias ou dúbidas claras da súa titularidade será axuntadas, estas deberán estar xeoreferenciadas.

Deberá procederse ó escanado de tódolos documentos que xustifiquen a titularidade municipal, extensión e características, dos camiños inventariados. Na aplicación informática do Inventario deberá poder verse o documento escaneado cuando se esté consultando a ficha dun camiño.





A aplicación deberá xerar informes automaticamente de cada camiño tales como:

- Fichas individualizadas de cada ben
- Reportaxes fotográficos
- Planos en A4 o A3 dos camiños sobre cartografías existentes u Ortofotos PNOA.
- Listados resumo
- Certificados de propiedade dos camiños.
- Inmatriculación de bens no Rexistro da Propiedade.

Será imprescindible que a aplicación este baseada nun GIS, toda a información gráfica debe estar en sistema de referencia ETRS89 Huso 29.


9) O adxudicatario deberá prestar a formación necesaria para o persoal municipal no Concello de Tui, tanto para a posta en marcha, funcionamento e consulta da aplicación informática suministrada. A tal efecto, deberá proceder a impartir un curso de formación a usuarios finais do Inventario de camiños con una duración mínima de 4 horas.

10) A metodoloxía a seguir será a seguinte:

METODOLOXIA A SEGUIR	% TRABALLO
FASE 1 -FASE PREVIA. ESTUDO E PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR a. Recopilación de documentación. b. Preparación de planos base. c. Trazado de Estradas publicas non municipais (Xunta, Fomento, Deputación). d. Reunións con técnicos ou responsables municipais, co fin de trazar sobre planos base: d1. Roteiro municipal. d2. Rede Principal de camiños municipais. d3. Rede Secundaria de camiños (susceptibles de ser municipais). d4. Camiños con incidencias previas.	40







<p>FASE 2 · TRABALLO DE CAMPO</p> <p>e. Volcado da información recopilada nas reunións a GPS. f. Traballo de campo.</p>	<p>25</p>
<p>FASE 3 · FASE FINAL · COMPROBACIÓN E ENTREGA DEFINITIVA</p> <p>g. Resolución de incidencias. h. Volcado de información. i. Instalación de software. j. Formación.</p>	<p>35</p>

11) Neste orzamento considérase utilizar a cartografía municipal existente para a elaboración do plano a escala necesaria para a visualización completa de cada camiño municipal, e representaranse nun plano xeral a escala 1: 15.000 que inclúa todos os camiños públicos municipais, e no que figurará o código.

12) As fichas de inventario elaboradas de cada camiño encadernaranse en tomos manexables e se tamén se entregará en soporte informático mediante arquivos pdf, dwg e shp (con toda a información asociadas de titularidade, código, lonxitude, etc).

13) O adxudicatario disporá do persoal técnico e administrativo necesario para a boa execución da asistencia técnica obxecto do contrato.

14) Serán de conta do adxudicatario o importe dos salarios e cargas sociais de todo o persoal que forma parte do equipo de traballo, así como calquera consecuencia derivada da rescisión dos contratos de traballo, sendo o Concello totalmente alleo á relación laboral co persoal da empresa adxudicataria.

15) O adxudicatario queda obrigado a informar as reclamacións, que no período de exposición pública dos traballos, pódanse presentar aos traballos realizados.



16) O prazo para a execución das tres fases, será de sete meses a contar desde a data certa do comezo dos traballos.

17) Estimación da amplitude da rede viaria a inventariar:

- 193km de vias sen pavimentación (En terra-Xabre)
- 161Km de vias pavimentados.

18) Presupuesto.

UNIDADES	CONCEPTO	PRECIO	IMPORTE
200 Horas	Equipo de Oficina . (Composición: Enxeñeiro-Técnico+ Avogado + Delineante + Administrativo + Equipos) FASE 1 · FASE PREVIA. ESTUDO E PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR FASE 3 · FASE FINAL · COMPROBACIÓN E ENTREGA DEFINITIVA	113 €/Hora	22.600,00€
120 Horas	Equipo de Campo. (Composición: Enxeñeiro Técnico + Axudante + Equipos) FASE 2 · TRABALLO DE CAMPO	60 €/Hora	7.200,00€
		TOTAL SIN IVA	29.800,00€
		TOTAL CON IVA	36.058,00€

O presente presuposto polos traballos descritos, ascende ao importe de TRINTA E SEIS MIL CINCUENTA E OITO EUROS (36.058,00 €) IVE INCLUÍDO.

Tui, 29 Febreiro de 2016.

Asdo: Fabián Barreiro González.
Enxeñeiro Técnico do Excmo. Concello de Tui.
Equipo Técnico Agrícola.

